

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 24 de agosto de 2015

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:36 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Xoán Carlos Chillón Iglesias.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes e D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 10 E 17 DE AGOSTO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 10 e 17 de agosto de 2015.

**OBRAS E SERVIZOS**

**2º.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS DE SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

**2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a

continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

1.- Vista a documentación presentada para subsanación de deficiencias, requiridas pola Xunta de Goberno Local do día 6.7.15, por M. G. M. U. (BAR "A MEIGA") para a ocupación de 8,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Avda. Ozámiz, nº 14-Cangas, e a instalación de 20,00 m<sup>2</sup>., con mesas e cadeiras no Paseo de Rodeira (soamente na parte esquerda sinalada no deseño achegado) desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

**CONDICIÓN**

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 20 DE AGOSTO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparellador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 24.414.-** A A. M. P., para en Seixo-Dardo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 82,10 m2., de planta baixa, 74,51 m2., de primeiro andar, 10,19 m2., de terrazas e 48,10 metros de cerramento, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, José Luís Domínguez González, visado con data do 18 de febreiro de 2015 e o de execución visado o 2 de xullo de 2015, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta para o vieiro efectuada o día 9 de xuño de 2015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (999,38) euros.

**EXPEDIENTE Nº 25.501.-** A B. M. M. e L. T. V., para na Madalena-Darbo, construír unha vivenda unifamiliar de 65,97 m2., de planta baixa, 51,29 m2., de primeiro andar, 31,71 m2., de caseta e 13,83 metros de cerramento, de conformidade co proxecto básico dos arquitectos, Mario Fernández Estévez, Arturo Lagoa Núñez e Roi Aval Alves, de maio e xuño de 2015, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta para o vieiro efectuada o día 14 de agosto de 2015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de SEISCIENTOS CINCUENTA EUROS (650,00) euros.

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **4º.- SOLICITUDES DE ALTERACIÓNS EN POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

#### **4.A) SOLICITUDE DE R. M. S. S/BAIXA DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL**

Visto o escrito presentado o día 19.08.15 por R. M. S., no que solicita que por motivos de saúde se lle conceda, a partires do 31 de agosto do ano que andamos, a baixa dos postos nº 19 e nº 20 de venda de froita do Mercado Municipal que ten concedidos ao seu nome.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Dar a baixa, a partires do 31 de agosto do ano que andamos, a R. M. S., dos postos nº 19 e nº 20 de venda de froita do Mercado Municipal, que ten concedido neste concello.

SEGUNDO.- O apartado primeiro deste acordo, queda condicionado á comprobación pola Tesourería Municipal do aboamento, por parte da Sra. M. S., de todos os recibos que lle pasaron ao cobro polos referidos postos de venda no Mercadiño Municipal de Cangas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, Departamento de Tesourería e aos conserxes do Mercado Municipal.

#### 4.B) SOLICITUDE DE L. G. S. S/TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE DE POSTO DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Examinada a documentación presentada o día 29.05.15 por L. G. S., no que indica que por ser filla de A. S. G., titular do posto nº 10 de venda peixe, no que demanda autorización municipal para a transmisión de titularidade do posto nº 10 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, a favor de L. G. S., e á que achega documento no que se acredita que a transmitente e a interesada manifestan a súa intención de efectuar a transmisión.

Visto que acreditan documentalmente a relación de parentesco entre nai e filla.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a L. G. S., a transmisión da condición de concesionaria do posto nº 10 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal do que na actualidade é titular A. S. G.

SEGUNDO.- **Advertirle á interesada que**, ao abeiro do disposto no artigo 31 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, **dispón dun prazo de dous meses**, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acordo, para comunicar que a transmisión que se autoriza se realizou. De non comunicarse nese prazo entenderase que non se levou a cabo e que a concesionaria segue a ser a anterior a todos os efectos.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás interesadas, conserxes do mercado e Departamento de Tesourería.

### **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**5º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO**

Examinado o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio de colaboración, asinado o día 23 de xullo de 2015, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do concello.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Subvencións e Intervención e Centro Municipal de Benestar Social.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL S/SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS**

Dáse conta de Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015, para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidade ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Cumprindo os requisitos da orde citada e vistas as necesidades, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade coa Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo, para adxudicación de equipamentos de emerxencias, acorda o seguinte:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a adquisición do seguinte equipamento:

1º.- Remolques para a atención ás emerxencias.

Segundo.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada e que non se concederon axudas para as mesmas actuacións solicitadas.

Así mesmo, o Concello de Cangas comprométese a comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

## **B) DACIÓN DE CONTA DE DECLARACIÓN PREVIA DE EXPEDIENTE PARA REALIZACIÓN DA OBRA DE "MELLORA DO CONTORNO DA IGREXA E DA SÚA INSTALACIÓN ELÉCTRICA"**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada da seguinte comunicación previa de obras:

EXPEDIENTE Nº 25.630.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para mellora do contorno da Igrexa de Cangas e da súa instalación eléctrica en Rúa Real-Cangas.

## **C) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS VARIAS**

### C.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

#### C.1.1) SOLICITUDE PRESENTADA POR A. O. M.

Vista a solicitude presentada o día 5.8.15 por A. O. M., na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente no lugar da Rúa David Cal, nº 3, en Vilariño.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 7.8.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX: 1258/2015"*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA DAVID CAL, Nº3.*

*A Xefatura da Policía Local por medio do presente informa:*



*Con relación á solicitude de A. O. M. no que solicita pasaxe permanente para a Rúa David Cal, nº3.*

*Por parte desta policía non procede a concesión do solicitado, o que procede é un reservado para carga e descarga como xa tivo antigamente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a instalación de pasaxe permanente solicitada polo Sr. O. M.

#### C.1.2) SOLICITUDE PRESENTADA POR G. D. I.

Vista a solicitude presentada o día 5.8.15 por G. D. I., na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente na Avda. de Galicia, nº 5-local 1-Cangas.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 7.8.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX: 1257/2015*

*ASUNTO: SOLICITUD DE VADO PARA AVDA. DE GALICIA, Nº5.*

*A Xefatura da Policía Local por medio do presente informa:*

*Con relación a solicitude de G. D. I., solicitando un pasaxe permanente para a Avda. de Galicia, nº 5-local 1.*

*Por parte desta policía infórmase que debido a que están as obras do local sen empezar, non procede a concesión do pasaxe permanente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a instalación de pasaxe permanente solicitada polo Sr. D. I.

#### C.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PROBLEMÁTICA NOS ESTACIONAMENTOS DA PRAZA DO COSTAL

Dáse conta de informe da Policía Local emitido o día 13.8.15, referente a problemática nos estacionamentos da Praza do Costal, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1323/15*

*ASUNTO: PROBLEMÁTICA NOS ESTACIONAMENTOS DA PRAZA DO COSTAL*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e A052015, por medio do presente, Informan:*

*Que con relación á solicitude realizada por D. R. B., (instancia de 07/08/2015), na que solicita solución para os vehículos que estacionan na Praza do Costal apoiando as rodas no bordo da beirarrúa e invadindo esta coa parte dianteira ou traseira dos vehículos, obstaculizando así o tránsito e o acceso a súa tenda de alimentación.*

*Que realizada a inspección ocular do lugar, pódese confirmar como efectivamente a beirarrúa existente é moi estreita e algúns vehículos que estacionan, acostuman a arrimarse ao bordo, deixando parte do vehículo obstaculizando o paso peonil.*

*Que se debería buscar solución para evitar que os vehículos que estacionan no lugar non invadan a beirarrúa, incluso se se considera oportuno limitar o acceso a mencionada Praza do Costal."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda peonalizar a Praza do Costal e ao redor do Cruceiro de Sínqulis prohibindo estacionar e aparcar.

#### **D) NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS/AS PARA ASISTENCIA A CURSO DE XESTIÓN DE RESÍDUOS**

Visto o escrito remitido pola directora de Comunicación de Vicepresidencia da Deputación Provincial, na que comunica a realización de curso de xestión de residuos que organiza a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Nomear ás seguintes concelleiras para a asistencia ao curso de xestión de residuos e visita a plantas de compostaxe a realizar en Navarra:

\* CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE: TANIA CASTRO PAREDES (DNI Nº 53.113.479-Q).

\* CONCELLEIRA DE SERVIZOS E OBRAS: MERCEDES GIRÁLDEZ SANTOS (DNI Nº 76.811.297-Z).

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo, á maior brevidade posible, (antes do 24 do mes que andamos) á Deputación Provincial de Pontevedra.

#### **E) REQUIRIMENTO AO ORAL POR QUEIXAS DE VECIÑOS/AS DE CANGAS AFECTADOS POLO PROCEDEMENTO DE ACTUALIZACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS**

Visto que o Organismo de Recadación da Administración Local (Oral), dependente da Deputación, está a levar a cabo unha actualización dos padróns fiscais en diversos concellos da Provincia de Pontevedra, entre eles o Concello de Cangas, como membro da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, con relación á taxa por recollida do lixo.

Vistas as numerosas queixas veciñais recibidas neste concello con relación á tramitación do sinalado procedemento de revisión padronal e as dúbidas que presenta á cidadanía nesta materia á hora de poder facer alegacións ou reclamacións, sen saber a onde deben dirixirse e sen que o concello teña os datos necesarios para poder informar aos veciños e veciñas axeitadamente.

Visto que o concello unicamente ten coñecemento dos traballos de revisións padronais a través do anuncio de formalización do contrato do servizo de asesoramento e colaboración material na regularización e actualización dos padróns fiscais, publicado no BOP núm. 16 do 24 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda solicitar ao Organismo de Recadación da Administración Local (Oral):

PRIMEIRO.- Que informe debidamente a este concello e aos interesados sobre onde se debe dirixir a cidadanía de Cangas afectada polo procedemento de actualización dos padróns fiscais, para poder presentar as súas dúbidas, así como, para obter os modelos de documento para presentar as súas alegacións ou reclamacións.

SEGUNDO.- Solicitar que se conceda, polos motivos expostos no presente acordo e aos efectos de que o procedemento se desenvolva con todas as garantías para a cidadanía, unha ampliación do prazo establecido para a presentación de alegacións.

TERCEIRO.- Que se informe a este concello sobre as competencias que lle corresponden, no seu caso, no indicado procedemento de regularización e actualización dos padróns fiscais.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen mais asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente